



PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALEGA (FEUGA) E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA A HABILITACIÓN DUN ESPAZO COMÚN PARA CLUSTERS (AT CLUSTERS ESPAZO GALICIA)

Código de Proxecto: 2026 00016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Xosé Eladio Otero García, subdirector de Desenvolvemento de Negocio do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)

DECLARA:

Que este instituto ten previsto formalizar coa Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga), unha prórroga do instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro de 2028, no que se refire aos gastos atendibles.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A habilitación nas instalacións de Feuga en Santiago de Compostela dun espazo para o establecemento de clusters galegos interesados en compartilo e colaborar entre eles. Este espazo denomínase ***AT Clusters Espazo Galicia***.
- O Igabe apoiará a labor de Feuga coa finalidade común de fomentar o desenvolvemento empresarial galego e a economía social e produtiva de Galicia.
- Así mesmo, que en virtude do presente convenio, o Igabe e Feuga comprométense a colaborar no fomento da innovación e transferencia tecnolóxica, desenvolvemento e execución de programas de formación e de bolsas de Feuga, nos termos do presente convenio, dando acceso á devandita colaboración aos cluster, coa finalidade común de fomentar o desenvolvemento económico e empresarial galego; actuando en ambos os dous casos Feuga como axente dinamizador dos clusters.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





- O Igape vén desenvolvendo una liña de traballo continuada cos clusters de Galicia pola súa importancia para a economía dunha rexión e o seu crecemento socio-económico, en sintonía coa intención da Xunta de Galicia de utilizar aos clusters como pancas do desenvolvemento de Galicia, tal e como recolle a Lei 13/2011, de 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia, e considerando que os clusters dos diferentes sectores económicos e estratéxicos poden xerar unha colaboración que permita abordar proxectos conxuntos de todo tipo: actividades de difusión e fomento do sector, proxectos de I+D+i, de creación de capacidades compartidas, a xeración de sinerxías, o impulso da innovación, a mellora da competitividade e a promoción económica do sector son as razóns de ser dos clusters.
- Feuga, na procura da dinamización das relacións entre os axentes dos distintos sectores socioeconómicos e como estrutura para fomentar e facilitar a cooperación en actividades de I+D entre investigadores e empresas, conta cunha sede privilexiada localizada no Campus Vida de Santiago de Compostela, e cun espazo de servizos nun edificio que integra as máis modernas e avanzadas tecnoloxías, instalacións e medios que permiten albergar no seu interior, en cumprimento dos seus fins fundacionais, proxectos empresariais que nacen no ámbito universitario ou empresarial e, ao mesmo tempo, poñer a disposición dos distintos sectores socioeconómicos que poden facer crecer a economía galega, un espazo en aluguer temporal para utilizar como centro de operacións e negocios. Deste xeito, quen acceda aos citados servizos disporá de infraestruturas e medios dun elevado valor para a posta en marcha de proxectos emprendedores e para a dinamización económica doutros.
- Ambas organizacións comparten un interese común pola presenza de clusters galegos nas instalacións de Feuga: o Igape busca a xeración de proxectos colaborativos inter cluster e o fortalecemento destes mediante a compartición de recursos e a aplicación de metodoloxías comúns de traballo. Feuga persegue a cercanía coas pancas de desenvolvemento de proxectos nas que poida canalizar resultados de transferencia de coñecemento das tres universidades galegas á empresa.

Así mesmo, establécese que os prezos de mercado e tarifas estándar aplicables á habilitación do espazo físico compartido se actualizarán automaticamente cada 1 de xaneiro segundo o IPC xeral de Galicia publicado polo INE, co fin de manter a proporcionalidade real dos custos e ingresos ao longo da vixencia da prórroga.

En relación cos consumos eléctricos e de climatización, os arrendamentos deixarán de incluílos de maneira xenérica, pasando a facturarse directamente a cada clúster por FEUGA a prezo de custo segundo contador individual, permanecendo estes importes fóra do cómputo do convenio.





De acordo coa cláusula Oitava do convenio, este poderá ser prorrogado por un período igual previo acordo das partes. O período indicial foi de 36 meses e propónse a prórroga para un período de gastos subvencionables desde o 01.11.2025 ata o 31.10.2028.

Tanto FEUGA como o IGAPE están conformes con esta ampliación do convenio dado o éxito obtido durante a súa vixencia, toda vez que a existencia dun espazo de traballo compartido resultou ser un estímulo moi apreciado polas organizacións residentes en canto ao que facilita o coñecemento mutuo, a colaboración e as sinerxías intersectoriais.

FEUGA dispón de espazo de coworking no seu edificio no que poderían instalarse as empresas desenvolvedoras deses proxectos, e estar ao carón dos clusters supón unha vantaxe incomparable de cara, sobre todo, ao coñecemento e integración no sector, polo que interesa incluír entre as prestacións do convenio a inclusión de espazo coworking para estas empresas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A contribución do Igape actualízase en función do IPC respecto da consignada para o convenio actualmente en vigor, ata un valor de **50.816,91 €** para todo o período distribuídos nas seguintes anualidades:

<i>Partida</i>	<i>2025</i>	<i>2026</i>	<i>2027</i>	<i>2028</i>
<i>09.A1 741A 6418</i>	2.823,16 €	16.938,97 €	16.938,97 €	14.115,81 €

En todo caso, a achega do Igape estará limitada polos importes máximos anuais e global fixados na adenda, de modo que, se a actualización por IPC ou o número de clústeres derivasen en importes superiores, a achega minorarase proporcionalmente mantendo as porcentaxes previstas.

E para que conste, asíase esta memoria en Santiago de Compostela.

